

**VI. ANUNCIOS****A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS**

*ANUNCIO do 26 de xuño de 2019 polo que se fai pública a resolución pola que se aproba o expediente de información pública e o proxecto construción do itinerario peonil e ciclista na OU-537, treito parques empresariais (punto quilométrico 0+000-2+030), e na OU- 536, treito A Derrasa (punto quilométrico 7+180-7+940), de clave OU/16/269.06.*

Con data do 17 de xuño de 2019, a dirección da Axencia Galega de Infraestruturas, por delegación da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Orde do 7 de setembro de 2017, *Diario Oficial de Galicia* do 20 de setembro), visto o informe das alegacións, resolveu o seguinte:

«Antecedentes de feito:

Primeiro. No *Diario Oficial de Galicia* núm. 103, do 31 de maio de 2018, publicouse o Anuncio do 3 de maio de 2018 polo que se somete ao trámite de información pública o proxecto construción do itinerario peonil e ciclista na OU-537, treito parques empresariais (punto quilométrico 0+000- 2+030), e na OU- 536, treito A Derrasa (punto quilométrico 7+180 - 7+940, de clave OU/16/269.06, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto referenciado.

Segundo. As administracións afectadas emitiron os correspondentes informes, e no trámite de información pública formularonse alegacións polas persoas interesadas.

Fundamentos de dereito:

Primeiro. De acordo co establecido no artigo 21 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, o mencionado proxecto de construción someteuse ao trámite de información pública, durante un período de trinta días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

Segundo. Que simultaneamente ao trámite sinalado no parágrafo anterior, e para os efectos previstos no artigo 56.1 do Regulamento de expropiación forzosa, someteuse a



información pública a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados pola realización da obra correspondente.

Terceiro. A conselleira de Infraestruturas e Mobilidade é competente para resolver os expedientes de información pública en materia de estradas e informe das administracións afectadas, de acordo co Decreto 26/2019, do 7 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade. Esta competencia atópase delegada na persoa titular da dirección da Axencia Galega de Infraestruturas, segundo o artigo 8.1.b) da Orde do 7 de setembro de 2017 sobre delegación de competencias no secretario xeral técnico e noutros órganos e entidades públicas adscritos a esta consellería (DOG número 179, do 20 de setembro).

De acordo con todo o exposto, e tras os informes e certificados e alegacións presentadas,

#### RESOLVO:

Primeiro. Aprobar o expediente de información pública e definitivamente o proxecto construción do itinerario peonil e ciclista na OU-537, treito parques empresariais (punto quilométrico 0+000 - 2+030), e na OU- 536, treito A Derrasa (punto quilométrico 7+180 - 7+940, de clave OU/16/269.06, coa seguinte consideración:

- Modificación da titularidade da parcela con referencia catastral 32059A045001120000OT (referenciada co nº 41 do proxecto), a nome da Comunidade de Montes en Man Común dos veciños de Cachamuíña.

Segundo. Consonte establece o artigo 23 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia, os concellos de Pereiro de Aguiar e San Cibrao das Viñas deberán adaptar o seu planeamento urbanístico ao contido no proxecto, no que se establecerán as determinacións do planeamento urbanístico que deben ser modificadas como consecuencia da súa aprobación, no prazo que determine este último e, en todo caso, na súa primeira modificación ou revisión.

Terceiro. Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co esta-



blecido nos artigos 10, 14 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 26 de xuño de 2019

Francisco Menéndez Iglesias  
Director da Axencia Galega de Infraestruturas

